


RUXE RUXE *nº22*

EDLG Aquis Celenis 2020-21



VENCEREI
CO PODER
DA LINGUA!

Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Raquel



AquisVideo



Blog EDLG Aquis

ÍNDICE

| | |
|-------------------------------|-----------|
| EDITORIAL | 4 |
| NORMALIZ...ACIÓN | 6 |
| CRE...ACIÓN 2020-2021 | 8 |
| MICRORELATOS 2º ESO | 8 |
| POESÍA 4º ESO | 10 |
| VIDEOCREACIÓN | 18 |
| CRE...ACIÓN 2019-2020 | 20 |
| COLABOR...ACIÓN | 24 |
| VIAX...ANDO (no tempo) | 25 |
| CELEBR...ACIÓN | 26 |
| SEMANA DA CIENCIA | 26 |
| DÍA DA POESÍA | 28 |
| DÍA DE ROSALÍA | 29 |
| DÍA DA CANDELORIA | 30 |
| DÍA DO LIBRO | 31 |
| DÍA DAS LETRAS. XELA ARIAS | 32 |
| ENRED...ANDO | 34 |
| CONT...ANDO | 36 |
| Tíralle da Lingua 2020-2021. | 36 |
| Tíralle da Lingua 2019-2020 | 38 |
| INVESTIG...ANDO | 40 |
| ENTREVIST...ANDO | 42 |
| REFLEXION...ANDO | 44 |
| LEMBR...ANDO | 46 |

EDITORIAL

Querida familia celena:

Remata outro curso marcado pola pandemia, neste, ao contrario que o anterior, tivemos a sorte ou a desgraza, segundo se mire, de estarmos sempre no Aquis. Para moitos o instituto é sinónimo de cárcere pero no fondo vivimos momentos que todos recordaremos, profesores e alumnos. Nunca nos esqueceremos desa loita entre Fajundes, profesor de filosofía, e Escudero, profesor de lingua castelá, por ver quen conta o peor chiste, dos momentos do monólogo interior de Ana Rial ou da forma tan maternal que ten Pilar de chamarnos “niños”, por certo este ano xubíbase, xunto con Chus, María Sánchez e Ángeles, oxalá desfruten moito desta nova etapa sen soportar os seus queridos alumnos. Podería seguir citando profesores porque hai para todos a patadas, cada un foi protagonista de momentos irrepitibles nos diferentes grupos aos que lles deron clase. No noso instituto xuntouse o mellor de cada casa... En palabras de Xela Arias, a homenaxeada nas Letras Galegas 2021, “a unidade componse da desorde” e o Aquis alberga a desorde de cada alumno e de cada profesor dando lugar á perfecta familia celena.

Esta, a nosa familia, loita pola igualdade demostrando que ninguén é superior aos demais, dá igual que sexas home ou muller, gay ou hetero, estudante de ciencias ou de letras... todos somos respectados. Asemade, como outras moitas familias, transmítelle o galego aos seus fillos e loita pola súa supervivencia pois é unha lingua que por desgraza cada vez perde máis falantes. Se algo nos caracteriza aos galegos, ademais de comer moito, é que sempre lle damos máis mérito ao de fóra que ao da casa por iso estamos como estamos. Como imos deixar morrer unha lingua como a nosa que nos deu frases como: e logho ti... de quen vés sendo?


Como pasa en todas as familias, os fillos fanse maiores e marchan da casa. No caso do Aquis os alumnos van na procura dos seus soños deixándolles

sitio a outros que virán perpetuando o fluír dos seus corredores. Deste instituto sairán grandes científicas, sanitarios que loitarán contra vento e marea pola nosa saúde, matemáticas, avogadas, historiadores que darán a coñecer o pasado para entender mellor o presente, filólogos, aínda que destes non tantos como lle gustaría a María Porto.

Todos os que marchamos, sexamos alumnos ou non, facémolo para continuar co camiño que nos levará a un futuro aínda en branco e que seremos nós mesmos quen o escriba. Os que quedades tede paciencia porque vos esperan uns anos algo duriños, sobre todo os alumnos que chegedes a segundo de bacharelato, pero a pesar diso espéranvos anos increíbles.

Así pois, membros da tan querida familia celena, cada un de nós ten un destino polo que debe loitar así que deo volente et carpe diem.

Diego Diz, 2º Bach



Debuxo: Alex Campos, 4º ESO

NORMALIZ...ACIÓN

O EDLG estreou equipo de radio! Ao longo do curso fixemos uso da gravación de podcast como forma de dinamización da lingua, da igualdade, para dar a coñecer a actividade do centro e, fundamentalmente, para o fomento do uso do galego. Realizáronse entrevistas no centro e na rúa, déronse a coñecer actividades e traballos... que podedes ver no Blog do EDLG: <https://aquisfalamos.wordpress.com/category/radio-ferven-as-ondas/>

A experiencia na radio

A experiencia coa nosa canle de radio “Ferven as ondas” foi única. Ao principio con algo de nervios, iso si, xa que para moitos e moitas foi a primeira vez que gravamos de xeito tan profesional e tamén no meu caso porque viña doutro centro. O que máis impacta é a gran variedade de temas que se tratan, dende o Día da Poesía ata a intervención do noso grupo de Igualdade. Isto todo lévase a cabo grazas a profes como Davide, Rexina, Anxo, Cristian ou Pedro, que fan que todo sexa divertido e sinxelo, que maiores e pequenos traballemos en equipo, que todos opinemos á vez que nos axudamos e aprendemos entre todas e todos.





Estar gravando resulta gracioso xa que é moi raro escoitarte polos cascos e escoitar a todas as persoas que falan polo micro como se estivesen ao teu carón. Deberíades probar! Algo que tamén deixa unha marabillosa sensación é atopar o programa totalmente montado: escóitalo e sénteste orgulloso de que todas as persoas que lle dean a reproducir vaian escoitar a túa voz e pensen que o fixeches xenial. Pero ti dis: que rabia, eu non pronunciei así de mal! E xa non hai solución e cómpre esperar con ansia o seguinte programa para facelo mellor.

En conclusión, a experiencia é inesquecible por todo: polos compañeiros e polas compañeiras, polos temas dos que se fala e polo profesorado que permite a realización do programa de radio. Parabéns a todas as persoas organizadoras e a todas as participantes e lembrade que FERVEN AS ONDAS.

(Por certo, pronunciades xenial, non vos preocupedes)

Jesús Tilve, 1º Bach

CRE...ACIÓN 2020-2021

MICRORELATOS 2º ESO

Mariñeiros

Era unha calorosa mañá de xullo do ano 1975, erguinme co son das ondas contra a beira do mar. Serían máis ou menos as sete da mañá cando me dixo miña avoa: a quen madruga Deus o axuda, polo tanto saín rápido da cama e fun ata o porto, contemplar o amencer e os mariñeiros chegando de lonxe.

Sempre adorei ver como encallaban centos de barcos dos mariñeiros pola mañá, o olor á fresca auga do mar, o ruído das gaviotas... Velaí viña meu pai, mariñeiro, levaba unha pequena rede cargada de peixe, botoume un sorriso e desapareceu na néboa do mar.

Alba Rajoy García, 2º ESO

Un intruso

O nerviosismo estaba presente. Había xente de pé, berrando e facendo espaventos coas mans. Elvira anunciaba a morte de todos, Xoán dicíalle que o noso sangue non valía nin un peso...

Cando me vin na situación non entendía nada. Todos estaban mirando cara ao teito. Decateime da presenza dun individuo non identificado. Despois de observalo detidamente vin que se trataba dun ser vivo co corpo alongado e escuro, que medía ao redor de quince milímetros, con tres pares de patas delgadas e un par de ás.

Intentaron acabar con el, co pobre animal inofensivo que probablemente nos tería el máis medo a nós. Eramos coma xigantes para el. Fixeron movementos para asustalo, guindáronlle auga, intentaron esmagalo... PUM!!

Remataron pedindo papas.

Laura Caamiña Padín, 2º ESO

O gran libro


Había unha vez un libro que contiña unha historia desas que son capaces de atraparte e facer que non queiras parar de ler, non parar de pensar nel, non poder facer outra cousa no teu tempo libre...

Había unha vez un libro que tiña como protagonista a un neno chamado Xuliano; non é un nome moi utilizado mais el é o protagonista porque el é propietario do libro. Herdouno do seu pai, este do seu pai e o avó do seu... Todo foi así dende hai anos e anos. El, a verdade, non sabe que facer co libro, mais dáme a sensación de que non o vai ler. Está roto, húmido... e iso só por fóra, por dentro non o quere nin imaxinar. «Estará moi deteriorado», pensou para si. Pero meteu a zoca.

Un día decidiu lelo. Ensinóullelo a todos pero as súas verbas caían en saco roto. A historia era deste xeito: contaba o que fixeron cada un dos donos do libro, e mentres Xuliano o lía, este seguía escribindo e escribindo: cada pensamento, cada idea, cada xesto...

Cos anos o libro perdeuse, pero aínda hai partes, coma este microrelato.

Leandro Calvo Silva, 2º ESO



Debuxo: Lucía Sánchez, 1º Bach

POESÍA 4º ESO

Cadáver exquisito

Hai pouca personalidade.
O día que me despedín de ti
síntome cansada.
Con tanto agotamento, estou moi famento
con ganas de que chegue o momento.
A emoción pode comigo;
ogallá quedar cos meus amigos.
Teño frío.
Odio as persoas mentireiras,

e así será por sempre.
Soidade, frustración, agotamento ...
a escura realidade.
Teño un sono de luns,
teño sono.
Pensando na estrela branca da noite,
o sol dáme forte na cara.
Déixome levar, actúo, logo penso;
sigo tendo sono.
Na fiestra rota do meu salón

quero durmir.
E aquí me atopo eu,
último día, perfecta harmonía.
Vou durmir,
cun bolígrafo na man
mentres lía O porco de pé
Gústame o chocolate,
ese sentimento de agobio.
Teño fame.
Mirarme no espello e non recoñecerme;
fuxo,
síntome confundida.

O pano branco da miña avoa,
 mais non me sinto moi ben;
 pérdome nos meus pensamentos e emocións.
 Pensaba e non aparecía nada;
 pícame o pé e non sei por que.
 Teño moito sono
 en cada latexo,
 sentada nesta cadeira.
 Non te quero, só te envexo.

(Creacións de aula de 4º ESO)



Debuxo: Marta Castro, 1º Bach

Lipograma (neste caso, texto sen “o”)

Agardei, agardei meses; dunha maneira que nunca imaxinei. Rin, rin sen parar, mais nunca igual a aquela vez. Pensei, pensei máis que nunca; esquecidas lembranzas lembrei. E, nese intre, apareciches, apareciches dende a nada, ás agachadas, desa maneira peculiar que sempre tiveches. Partiches, marchaches, quebraches, ás agachadas, desa maneira peculiar que sempre tiveches.

Catuxa Rodríguez Folgar 4º ESO A

Poemas clásicos e visuais baseados na obra *Poetízate*

Bótalle a manta
a súa quente manta.
No seu berce,
aquela verde.
Por riba do corpo
xa non existente.

Hugo Ameal Paz, 4º ESO

E tras coller as maletas,
marchaches
saíches pola porta.
Eu pensando en ti,
ti en min.
Canto tardarías en voltar?
Collín o pano do peto
fun esvarando lentamente
sobre a porta,
esperaba o teu regreso.
Pero estaba equivocada
nunca máis voltaches.

Cintia Baldomero, 4º ESO



A soidade peta na porta

coma se fose unha persoa,
a quen se considera un experto.
Experto en momentos que a deixan
coma se a mente estivese morta,
pero dentro só se cuestiona.

Martina Ares, 4º ESO

Monotonía

Cada grito,
cada bágoa,
para ti nada significaban
pero a min acababan matándome.
O día que marchei
deixei tras de min sete anos;
sete anos de soidade na túa compañía,
sete anos de sufrimento disfrazado de sacrificio.
Agora véxoo todo máis claro,
mentres ti estabas fóra construíndo outros mundos,
eu esperábate na porta coma unha nena,
e usaba as miñas mellores cores para debuxarte
Cando pensei que te coñecía deime conta,
Deime conta de que necesitaba notas ao pé das túas páxinas.


Marta Castro



Laura Moure, 4º ESO

Agardo que remate xa.
 Vivo de recordos
 de vidas pasadas
 e do que chegará.
 Vivo nun mar
 que sempre ocupa
 o mesmo lugar
 onde vou afogar.
 Percorro os mesmos camiños
 coas mesmas ganas
 cos mesmos cheiros
 saudando os mesmos veciños.
 Non chega o momento
 dunha boa aperta
 dunha tarde cos amigos
 de sentir o vento.

Carmen Fontenla, 4º ESO




Sempre o quixen,
 soñaba con el,
 un espello grande no que
 poder reflectirme coas miñas
 mellores teas, cos
 meus mellores peiteados...
 Mágoa que mo mercasen
 cando comecei a secundaria.

Inés Blanco, 4º ESO

Inés Blanco, 4º ESO

Marta Castro, 4º ESO



Cintia Paola Imbaquingo, 4º ESO

MICRORRELATOS 4º ESO

Quería berrar, chamar polos meus fillos para que se escondesen, avisar a policía ou algún veciño que nos puidese axudar... Pero non había maneira; a voz escoitábase na miña cabeza pero non saía pola gorxa, era coma se me quedase sen respiración, sen fala...

Estaba ríxido, sen moverme, non era capaz de correr para protexerme. Non podía ver nada, simplemente unha inmensa masa negra da cal non podía apartar a vista,

Candela López, 4º ESO

era coma se me hipnotizase.


Viñéronseme á mente todos os recordos dunha vida pasada, felices e tamén tristes: a morte de miña nai, a voda con Laura, aquelas vacacións en Marrocos... Semellaba o fin.

De súpeto, unha intensa luz branca molestábame nos ollos. Pouco a pouco fun espertando. Estaba nunha cama, pero non era a miña. O último do que me lembraba era dunha especie de túnel e dun insoportable ruído. Á miña dereita había un home cunha bata branca, que me dixo:

-Luís, como sospeitabamos, o tumor é benigno.

Inés Blanco, 4º ESO





Debuxo: Lucía Sánchez, 1º Bach

Ateraxe forzada

Precipítome. A avioneta segue baixando en picado cara á auga. Sei que non hai regreso. Vexo pasar toda a miña vida ante os meus ollos: rindo, chorando, berrando ... E véxoa a ela, a eles, a muller da miña vida e os nosos fillos, as luceciñas dos meus ollos; e sei que por eles debo intentalo. Collo os mandos e estabilizo a avioneta, paso de precipitarme sobre o lago a forzar unha ateraxe na selva. Vouno lograr, seino. Pero as rodas non deixan o seu ronsel na auga e a avioneta non descende. Cando levanto a vista dos mandos, topo cunha árbore, un enorme baobab que non vou poder esquivar. Douno por perdido. Saco da lapela a foto deles, dos meus soles, da miña vida, e déixome ir. Pecho os ollos. Non sinto o impacto, o último que penso é o moito que os quero. Non sinto nada. Nestes momentos decátome do moito que me gusta o meu traballo!

-Corten! Luces!- berra o director.

Laura Moure, 4º ESO

VIDEOCREACIÓN

Este curso creáronse no Aquis moitos vídeos para diferentes actividades... Isto foi posible, en gran medida, grazas á achega do noso membro do EDLG, Cristian, profe de Pedagogía Terapéutica.



Xa no comezo de curso elaborou un vídeo moi clariño do funcionamento do centro neste estraño ano de pandemia; semella que pasou moito tempo, verdade? Escaneade os QR se queredes lembrarvos.

Logo foi formando alumnado, exhibindo drons...e facendo unha chea de vídeos para o EDLG e a Biblioteca.

Aquí vos deixamos outro exemplo: a súa contribución á nosa campaña de dinamización do emprego do galego en Tik Tok.



Pero Cristian non é o único que traballou na creación de vídeos; dúas alumnas de 4º de ESO, Inés e Cintia, levan anos dando mostra do seu



talento coas videocreacións. Neste curso comezaron gravando uns vídeos para explicar a toda a comunidade educativa as medidas sanitarias que se debían ter en conta para a convivencia no Aquis, que podedes ver escaneando estes QR.



E logo soltáronse a facer máis vídeos, dunha calidade extraordinaria, coa guía dos profes Santi e Anxo e os consellos de Sara, de Olloboi (unha cámara profesional que impartiu un obradoiro de creación audiovisual para 4º). Todos eses vídeos podedes velos na nosa canle, AquisVideo.

Esta é a súa reflexión:



A nosa aventura na video-creación!

Falo en nome das dúas (Cintia e eu) cando digo que elaborar os vídeos foi unha das mellores experiencias deste curso. Ao principio parecía difícil aprender un guión, meterse no papel das personaxes, ou incluso elaborar un decorado. Pero coa axuda de Santi, o profe de castelán, e coas ideas que se nos ían ocorrendo mentres o faciamos, pasámolo realmente moi ben, tanto gravando as diferentes escenas, como editando e facendo a montaxe. Á fin e ao cabo, cando fas algo que che gusta e o compartes con outras persoas, pásalo moito mellor...

Inés 4º ESO

CRE...ACIÓN 2019-2020

Debido á pandemia o curso pasado non se publicou Ruxe-Ruxe. Mais iso non significa que vaíamos deixar no esquezemento os microrrelatos e micropoemas creados que, seguro que o lembrades, xiraban arredor da palabra “berce”.

Un San Valentín atípico

O pasado 14 de febreiro chegoume ao meu domicilio un berce modelo Orion A3. Xusto cando o ía montar, decateime de que dúas das barras laterais estaban rotas. Xa me ocorreu o mesmo cun armario, xa reclamado, e non me poden suceder estes erros, xa que vou ser nai dentro de nada.

Xa me podedes solucionar isto, senón onde dorme a miña vaca, eh?

Patricia Ocampo (Gañadora microrrelatos 1º e 2º ESO)

Frío fogar

Unha nai mira sen expresión as paredes da casa que nunca chegou a estar alumeada.

Unha casa preparada para acoller sorrisos que nunca chegaron a producirse, e xa nunca o farán.

As cinzas da fogueira que xa nunca será acendida de novo, cuxa calor unha vez augurou a chegada de tempos ledos e de esmorga.

Unha casa na que aínda resoaba o eco daquela boa nova, convertida en traxedia.

Unha casa na que caeu unha bágoa, sobre o berce do meniño que nunca chegou a nacer.

Carmen Salvado (Gañadora microrrelatos 3º e 4º ESO)

XENIO

A miña avoa forma parte do mundo das avoas especiais. Xa hai tempo que pasa as horas sentada arrolando a súa meniña, unha boneca que se chama Ana, o nome da miña nai.

Cando quedo a cargo dela xogamos ás adiviñas. Case nunca se acorda do seu nome. Bícoa e ela dime "eu son eu".

O venres estáballe dando o puré cando de súpeto se puxo en pé e a culler aterrou no berce da boneca.

-Ignorantes, así nos vai!

Na tele saíu a noticia da retirada dunha placa con versos de Miguel Hernández.

"Ti es ti", avoíña.

Aida Mencía Suárez (Gañadora microrrelatos 2º Bach)



Debuxo: Lucía Piñeiro, 1º Bach

Lembranzas

E alí estaba
O berce que
Eu tanto añoraba,
Separeime del
Deixando atrás
Unha etapa,
Deixando atrás
A miña infancia

Sergio Monteagudo (Gañador micropoemas 1º, 2º ESO)

AVÓ

Unha ventá
un raio de luz
unha cara chea de canas
un berce
un avó agardando a ser avó

Damián López (Gañador micropoemas 3º, 4º ESO)

Non descansa

Teño un neno na cabeza
que non deixa de chorar.
Teño un cativo na alma
que non quere desertar.

O vento abana o berce,
o barco non ten capitán,
o neno navega o tempo
e eu non o deixo medrar.

Ana Loureiro (Gañadora micropoemas 2ºBach)



Debuxo: Lucía Piñeiro, 1º Bach

COLABOR...ACIÓN

Que é o grupo LGBT-Igualdade do Aquis Celenis?

O grupo de LGBTB-Igualdade é un lugar seguro para todes, tanto se tedes inquedanzas sobre a diversidade coma se non. É un espazo para quen se sinta diferente ao resto, pero tampouco necesariamente. Reunímonos unha vez á semana para tratar desigualdades que



procurarmos entre todes achar algún tipo de solución.

vemos dentro e fóra
do centro e

Levamos adiante varias iniciativas de centro, e agora mesmo unha das nosas



Debuxo: Antía Nan Pereira, 2º ESO C.

actividades máis exitosas é a gravación de podcasts nos que tratamos temáticas diversas arredor do feminismo, igualdade e diversidade sexual que cremos interesantes para todo o mundo.

Ti tamén estás invitada/o/e a unirte a nós. Serás benvinda/o/e coas mans e a mente abertas!
(Ariadna)

VIAX...ANDO (NO TEMPO)

O alumnado de Xeografía e Historia de Galicia comparte con nós esta viaxe no tempo:

A GACETA DE CALDAS

Edición especial

Vol. 1

Caldas de Reis, Maio 2021.

Nº 2 S. XIX 2ª 1/2

Editado e publicado polos alumnos de Xeografía e Historia de Galicia do IES Aquis Celenis

A torta de África



A Conferencia de Berlín, celebrada entre os pasados meses de novembro e febreiro, concretamente o 15 e 16, respectivamente tivo lugar na capital alemá, convocada por Francia e Reino Unido e organizada polo chanceler Otto von Bismarck. Tivo como obxectivo resolver os problemas que implicaba a expansión colonial en África e resolver así o seu reparto.

Convocáronse para a Conferencia doce países europeos, sen contar o Imperio Turco e os EEUU. Dividíanse en dous "grupos", os que si tiñan intereses en África (Bélxica, Reino de España, Francia...) e os que non (Reino de Dinamarca, Imperio austrohúngaro, Países Baixos, entre outros), de aí que estes últimos, non obstante, si buscaban un recoñecemento internacional ós resultados do acto. Aínda así, os Estados Unidos de América reserváronse o dereito de aceptar ou ben rexeitar as conclusións da Conferencia. As disposicións máis importantes residentes na acta final, formada esta por catro capítulos e 35 artigos son a Declaración sobre a trata de escravos, Neutralidade internacional na zona central de África ou a Lei de navegación para os ríos Níger e Congo.

Os resultados da Conferencia de Berlín sentaron as bases para a ocupación efectiva de África. Actualmente, só dous países africanos conservan o dereito a preservar a súa independencia: Liberia (baixo a protección dos EEUU) e Abisina.

CARLA PÉREZ ÁBALO

revolución, nun principio aconsellóuselle que volvera a Madrid inmediatamente pero máis tarde, a medida que a revolución gañaba terreo preferiuse manter a raíña no norte, apartada das batallas.

O 28 de Setembro tivo lugar a batallas máis decisiva, a batalla de Alcolea en Córdoba, na que a victoria foi para as forzas sublevadas ao mando do xeral Serrano, ao días seguinte o levantamento triunfa na capitán e o 30 de Setembro a raíña Isabel II abandoa España por San Sebastián camiño a Francia. Dende o exilio da raíña ao país veciño acabáronse todas as forzas leais a ela e o 8 de Outubro fórmase un goberno provisional presidido por Serrano, e do que forman parte Prim e Topete, foi así como triunfou a Revolución do 68, tamén chamada Revolución Gloriosa, que puxo fin ao reinado de Isabel II e instaurou en España a Primeira República.

As eleccións xerais de 1871 foron convocadas o 8 de marzo baixo sufraxio universal masculino e foron as primeiras baixo o reinado de Amadeo I, unha vez aprobada a constitución de 1869. En esta votación tiñan que ser elixidos 391 deputados ademais de 11 de Puerto Rico e 18 de Cuba. Esta votación foi gañada pola Coalición Progresista-Liberal con 235 escaños.

CLAUDIA CASTRO CARBALLO

AMADEO I ÁBRELE AS PORTAS Á REPÚBLICA

11 de febreiro de 1873 dimite Amadeo I de Saboia e proclámase a República.

Tras a Gloriosa revolución de 1868 coa que se expulsou a Isabel II iniciouse en España un período para buscar un novo rei que sentase no trono español. Entre os candidatos elixiron ao italiano Amadeo de Saboia. Mal empezou o reinado pois nada máis desembarcar en Cartaxena o 30 de decembro de 1870 Juan Prim, o seu principal valedor morría a causa das feridas sufridas no atentado da rúa do Turco. Isto deixou ó novo monarca sen apenas apoios.

Fundación da AIT e o PSOE

A Asociación Internacional dos Traballadores (AIT, ou IWA) é unha organización transnacional anarquista que une a sindicatos de diferentes países de ideoloxía antiautoritaria, na súa maioría anarcosindicalistas, aínda que tamén federa organizacións de traballadores con fins revolucionarias. O seu lema oficial na actualidade é: «Contra a globalización, internacionalismo proletario. Nin guerra entre pobos nin paz entre clases».

Entre o 25 de decembro de 1922 e o 2 de xaneiro de 1923 diversos grupos anarcosindicalistas refundaron en Berlín a AIT, trazando as súas orixes na Primeira Internacional (1864-1876) e considerándoa continuadora desta.

O 2 de maio de 1879 fundouse na Casa Labra de Madrid o Partido dos Traballadores Socialistas Español, un grupo de traballadores e intelectuais participou na súa fundación, dirixido polo tipógrafo Pablo Iglesias Posse.

LORENA MAGÁN ARCA

Alfonso onde vas Alfonso

Alfonso, fillo da mal entronizada Isabel II, retorna a España, liquidando os avances da Gloriosa revolución que encabezou o gran xeneral Prim cos progresistas, Serrano cos moderados e os apoiados polos demócratas.

Todo comezou cando Isabel accedeu ao trono das Españas portando a indixesta sangue real do seu pai para un pobo español mutilado na gran guerra civil, con unha bancarrota e coa persecución dos patriotas polos órganos caducos.

Co conflito entre os Carlistas e os seus partidarios, España escindiríase en dous entre un bando que apoiaba unha tradición irreal e outro que apoiaba as dúas do trono ademais dunha gran fame polas consecuencias da guerra.

Así as dúas ladronas do pazo real como era María Cristina e a súa filla afundiron aínda máis o país no seu infaustoso goberno e o xeneral

CELEBR...ACIÓN

SEMANA DA CIENCIA

O equipo de Normalización e Dinamización do Aquis colabora co grupo de profesorado de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas e Tecnoloxía na organización da Semana da Ciencia.

A maior parte destas materias teñen vetada a impartición das aulas en galego, polo que esta actividade se converte en normalizadora da nosa lingua ao promover que o alumnado participante explique aos compañeiros e compañeiras asistentes as experiencias nas que estiveron a traballar nas aulas, sempre empregando o galego.

Nesta edición celebrámola no patio do centro, non puidemos saír á rúa como en anos anteriores, outra vez debido á situación de pandemia que estamos a padecer. Porén, resultou ser a mellor das Semanas da Ciencia que levamos organizado! Cóntanolo asistentes e participantes:

A semana da Ciencia

A finais de abril, no instituto celebrouse un ano máis a Semana da Ciencia. Foron dous días nos que o alumnado do centro realizamos experimentos que nos ensinaban outros compañeiros e outras compañeiras. Estas dúas xornadas foron moi interesantes xa que aprendimos moito sobre matemáticas, bioloxía, robótica... Vendo os traballos pasámolo xenial, aínda que algúns experimentos nos gustaron máis que outros. Os nosos favoritos foron o piano de allos e o holograma, aínda que todos estiveron ben. A maioría foron expostos por xente de bacharelato, pero tamén a había da ESO.

Nós expuxemos as Cúpulas de Leonardo da Vinci, que son 11 tipos de estruturas que non precisan de ningún tipo de unión e que cando vas montando as pezas van subindo ata conseguir a forma desexada. Tamén presentamos un traballo que consistía en calcular cantos grans de arroz hai nun quilo, grazas a unha

fórmula de proporcionalidade, e para iso primeiro tiñamos que ver canto pesaban 100 grans. Pasámolo moi ben expoñendo e ademais regaláronnos bocadillos e unha botella de auga pola nosa participación.

Sen dúbida foi xenial e volveríamos a facelo.

Ahinara Castro Núñez e Paula Ruíz Pesado (2º ESO B)



DÍA DA POESÍA



Ola, celenos e celenas!

Somos dúas alumnas de 4º da ESO A que participamos nas actividades organizadas no noso instituto, o pasado 21 de marzo, con motivo do Día Mundial da Poesía. Pensamos que a actividade foi un xeito interesante, atractivo e didáctico de fomentar a creación artística e a lectura.

Sen previo aviso e sen coñecemento de ninguén máis ca o profesorado e o alumnado implicado, un profesor do centro entrou na aula para gravar co teléfono. Nese momento eu levanteime e comecei a rotular nunha xanela da clase uns versos. Xusto ao rematar, a miña compañeira, en pé, recitou eses versos para toda a clase. E isto aconteceu en todas as aulas do Aquis!

Tendo en conta a reacción das compañeiras e dos compañeiros que, logo do desconcerto, se botaron a aplaudir con forza; pensamos que este tipo de iniciativas deberían organizarse todos os anos. Por unha parte, para amosar que a poesía é diversa, bonita e divertida e, por outra, para aproximala á nosa xeración.

Ana Gómez
Catuxa Rodríguez

DÍA DE ROSALÍA



Celebramos o Día de Rosalía seguindo a proposta da AELG: dar música e coreografía a un poema de Rosalía, tendo en conta que non podiamos movernos da cadeira de cada quen. Podedes velo na canle AquisVideo.


Tamén empapelamos o centro con frases de Rosalía e preparamos un mural conmemorativo.



DÍA DA CANDELORIA

A nosa lingua é a ideal para falar de amor! Alá polo mes de marzo, cando os paxariños cantan... repartimos tarxetas para namorar, adaptando unha actividade do EDLG á pandemia. Así, xa que non podíamos repartir as taxetas para expresar o noso amor a quen queremos, si que podíamos dar ideas para que as palabras que se dirixiran á persoa namorada fosen en galego.

Ás veces o amor róubanos as palabras.
 Para non ficarmos caladas/os diante da nosa
 prenda, velaquí un feixe de expresións para lle
 alegrar o día:



Énchesme o ollo...
 Lévote nas capeliñas dos ollos...
 Ando en amores contigo...
 Hei comerte a bicos...
 Facemos boa masa...
 Quérote a rabiñar...
 Cáeme a baba cando te vexo...

Imaxe: EDLGA Aquis



DÍA DO LIBRO



O Día do Libro foi un día de sorpresas nas aulas. O profesorado leulle ao alumnado fragmentos de obras relacionadas coa materia. Ademais, en 1º da ESO aventurámonos nunha xincana chea de números, libros e pistas.

A primeira destas dúas actividades realizouse sen o coñecemento do alumnado, polo que a sorpresa foi xeral. Escoitamos atentas e atentos unha lectura interesante, no meu caso era dun libro que ía sobre unha expedición botánica.

Pola súa banda, a xincana foi unha experiencia trepidante que consistía na procura duns números que, máis tarde, e só se os tiñas na orde correcta, serviríanche para intercambialos pola pista que o teu amigo ou amiga invisible deixara para que encontrases o libro.


Deste xeito, a lectura no Día do Libro si que foi un pracer completo e con moitas sorpresas!

Roi Barreiro 1º ESO

DÍA DAS LETRAS. XELA ARIAS

Xela Arias invadiu o Aquis! Nunca antes o alumnado coñecera tanto dun ou dunha autor/a homenaxeado/a nas Letras! Fixemos programas de radio, gravamos poemas e prosa (alumnado e profesorado), transformamos os audios en códigos QR e fixemos unha xincana! O alumnado achegou moita creatividade: falamos do amor, creamos versos, desequilibrámonos, inventamos palabras, gabeamos pola súa poesía... xogamos coas letras de Xela!





Outras das propostas para celebrar a Xela foi o concurso sobre o Paseo sonoro. De premio había uns cascos sen fíos ben acadiños! Sería por iso polo que o número de participantes foi moi grande?

ENRED...ANDO

Ben sabe o profesorado do Aquis que no Ruxe Ruxe sempre acaban aparecendo esas frases que algúns e algunhas repiten un e outro día!

Aquí temos a colleita que recolleu o alumnado do EDLG neste curso:

Xose Formigo: “vou por negativossss”

Merce: “paréceme de traca”

“pero... de verdade que é tan difícil?”

“se queredes sabotear as miñas clases... é moi fácil”

Suso: “chicos, abride o blog”

Ana Rial: “vouche morder un ollo”

Antonio: “espalládevos”

Libertad: “a min as mates sérvenme para comprar o pan”

“arma cándida”

“hai que andar antes de correr”

Escudero: “vaiamos por partes”

Marina: “tes máis afluentes que o Guadalquivir”

“non podeades correr se non sabeades camiñar”

“tedes unha obsesión cos teléfonos”

“a calculadora?... seguro que o móbil non o esquecestes”

Davide: No medio dunha explicación alguén levanta a man.

- Podo ir ao baño?

-“Vaia, pensei que era unha pregunta”

“Non quero nin pero nin peras”

“Non quero ser o cravo cravado no voso corazón”

Miguélez: “Paula Rubio deixouno co mozo. Neste mundo hai para todos”

Mátame, mátame, mátame!

logur natural? Si, natural da yogurtera

Jose Fariña: “Claro que si, claro que si”

Begoña: “Fala en galego, que es ben competente”

Noa e Flavia, 1º ESO



Debuxo: Roi Pensado, 3º ESO

CONT...ANDO


O alumnado do Aquis xa leva uns anos participando no concurso “Tíralle da Lingua”. Nesta edición do Ruxe Ruxe publicamos tamén a intervención do curso pasado. Non é o mesmo velo en directo que ler o guión, claro, pero si que podeades facervos unha idea...

Tíralle da Lingua 2020-2021.

Diálogo sobre as nais...

Blanca- Nós imos falar sobre as nais, que a verdade é un tema complexo, xa que todo o que digas poderá ser empregado na túa contra cando esteas a discutir con ela. Aí dirache: “Acórdaste cando...”

Nerea- Porque si, elas non esquecen nada, só o reservan para o momento indicado, por non falar das míticas frases que todas din... parece coma se todas estudaran como ser nais... A mítica de “A comeeeeeeeer...”



Blanca- Non vaias, é unha trampa, o único que queren é que poñas a mesa.

Nerea- Ou cando estás a buscar algo e lle dis: “Mamá non o atopo, aquí non debe de estar”, sempre hai unha ameaza infalible que fai que o que esteas a buscar apareza...

Blanca- (con ton ameazante de nai) “Como vaia eu e o atope!”

Nerea- Xa non digamos a frase por excelencia de todas as nais, (con ton de filla suplicante): “Mamá, fulanito pintou a habitación de rosa, podo pintala eu tamén?”

Blanca- (con ton autoritario de nai) “E se fulanito se tira por unha ponte, ti tamén te tiras?”. En fin, as nais ensinannos de todo. Ensinan o lóxico...

Nerea- (con ton resolutivo de nai) “Porque o digo eu e punto!”. Tamén nos ensinan ironía...

Blanca- (con ton irónico de nai) “Ti chora, chora, que xa chorarás por algo...!”
Por non falar das preguntas que son tan sinxelas de responder: “Mamá, que hai de comer?”

Nerea- (ton rotundo de nai) “Comida!”

Blanca- E ti quedas a pensar...”grazas, mamá, pensei que hoxe ía xantar pezas de LEGO!”

Nerea- Elas sempre queren ter razón, e buscan argumentos ata debaixo das pedras, aínda que estes ás veces non teñan moito sentido: “Mamá podo ir á festa?”

Blanca- (con ton cortante de nai): “Nin festa nin festo!”

Nerea- E ti quedas cunha cara de parva que non sabes que contestar...

Blanca- Ei! Acordádesvos cando eramos pequenas e estabamos a comer iogur e quitabámoslle o líquido?. Elas sempre dicían:

Nerea- (con ton de nai botando unha reprimenda) “Non lle quites o líquido que iso é o mellor!”

Blanca- Outro dos grandes problemas é cando a túa nai lle pasa a bóla ao teu pai e viceversa, (con ton suplicante de filla): “Mamá, podo ir durmir á casa de Xan?”

Nerea- (ton de nai amolada) “Non me rompas a cabeza, pregúntalle a teu pai!”

Blanca- “Papá podo ir durmir á casa de Xan?”

Nerea- (ton de pai que está a facer as once) - “Pregúntalle a túa nai!”

Blanca- “Dixo que cho preguntase a ti...” E así toda a tarde, e ao final quedo na casa.

Nerea- As nais aplican o refrán de: “quen avisa non é traidor”, ás veces de maneira algo violenta...(ton de nai ameazante) “Baixa de aí, que aínda vas cobrar!”

Blanca- Enriba de caer, aínda levo outra...

Nerea- En fin, ás veces non hai quen as entenda, pero que se lle vai facer...non queda outra que aturalas!

Blanca e Nerea 1º Bach

Tíralle da Lingua 2019-2020



Pasas que cousan.

L: Bo día, que tal? Ben, si?... Pois eu estou fatal!

A: A ver muller... Que che pasa? Que che pasa?

L: Muller, xa sabes... Iso!

A: O que, muller?

L: ... Pois iso!

A: Iso, iso, iso... Se soubese o que é

iso xa non cho preguntaba!

L: Arre demo! Iso que nos pasa ás mulleres, non sabes?

A: Andrés?

L: Que Andrés?

A: O que che vén cada mes!

L: Tantos nomes lle poñemos a isto que xa non sei nin de que estamos a falar. Que se Andrés, que se María. Non podemos dicir soamente que nos sangra o chocho, non... Non, porque se asustan!

A: Tes razón, é como cando che baixa por primeira vez. Estás ti alí no baño, tranquilamente, e de súpeto ves unha cousa vermella e dis : “AAAAAHH, MAMAAAAA!”

L: E ali vén túa nai correndo, que nin no tour de Francia, pensando que morreras con semellante grito que pegaches. E claro, vete alí e diche “ Aaaaii miña filliña, que xa es unha muller!”. E non nos esquezamos do “a ver que fas a partir de agora!”

A: E non falemos do día seguinte. Chegas xunta ás túas amigas e o primeiro que fas, como boa Maruxa de aldea que es, é contarllo.

L: Pois non sabedes o que me pasou, eh! Baixoume a regra! (dramática)

A: Pero que non che viran a compresa na man, que era unha vergoña!

L: Si, pero iso só era ao principio. Despois, á mínima que te amolaran soltábaslle: “non me toques o carallo, que estou coa regra!”.

A: Eeeeh! Pero a de clases de educación física das que nos libramos...! “ Aaii profe, é que non podo facelo porque teño a regra!”

L: Aí atinaches! Pero tamén é certo que cando doe...! Podes tomar mil ibuprofenos, facer cincocentas posturas de ioga, desas que che recomentan todas as youtubers, pór outras vintecinco bolsas de auga quente... que parece a rapaza do exorcista subindo polas paredes arriba!

A: Por non falar dos cambios de humor, que pobre home que te ature! Tanto é o amor da túa vida, coma lle metes unha malleira e déixalo noqueado!

L: Aaiii! é que te quero moito!.... Pero que fas, ho?... Bota para alá, que vai unha calor de inferno!.... Aaiii! É que nunca me dás unha aperta!... Quita para alá, foder!

A: Pero non te poñas así, muller... Porque sei que tes a regra, que se non...

L: Claro, claro... como estou cabreada, xa teño que ter a regra. Parece un home a falar do que non sabe!

A: Estou totalmente de acordo contigo! Non nos entenden! “Sodes unhas esaxeradas, nin que vos deran un golpe nas pelotas!”

L: Foron falar, que lles fas así (tocar co dedo suavemente a Adriana), e xa están tirados no chan que nin Cristiano Ronaldo!

A: Non me fales do Cristiano Ronaldo eh! Por ese si que me tiraba eu, pero enriba del!

L: Aii, non me fales eh! Todo malo é que vaiamos ter esa noite de fogos artificiais, que o máximo que vas ter é un vasiño de leite e a durmir.

A: Que lle imos facer, son pasas que cousan!

L: Que dis, muller? Serán.... (as dúas) cousas que pasan!

Adriana Caldas e Lidia Landín, gañadoras 4º ESO-1º

Bach



Sergio Monteagudo, gañador modalidade 1º a 3º ESO

INVESTIG...ANDO



As palabras botáronse a andar no curso 2018-2019, fixeron unha paradiña longa para visitar Caldas de Reis e tomar os baños e, neste curso 2020-21, retoman o camiño dende esta vila termal para emprender a última etapa que as leva a Compostela.

A situación excepcional de pandemia dificulta o camiñar e é ela quen marca os tempos e os pasos, mais no Aquis temos a certeza de que ben pronto han volver os camiños a inzarse de persoas que buscan o contacto coa natureza e queren coñecer as terras

que atravesan. Por este motivo, neste ano Xacobeo 21 retomamos As palabras no Camiño.

As palabras no Camiño é un proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística co que pretendemos transcender os límites do centro escolar e tecer os lazos da lusofonía a través de dous fíos básicos: a lingua galega e as tecnoloxías da comunicación. O obxectivo último é poñer en valor a nosa lingua como vehículo de comunicación tamén internacional e axudar a superar prexuízos e autolimitacións, porque Galicia é interesante e o galego é unha lingua con presente e con futuro!

As palabras no Camiño II é unha app para Android que permite, á persoa camiñante que se achega dende Lisboa, descubrir de maneira lúdica aspectos da cultura galega contados en galego.

Non partimos de cero pois nun curso anterior levamos a cabo un proxecto que agora complementamos. Daquela, parecéranos interesante que Caldas de Reis fose meta e acompañarnos no seu camiñar a quen peregrinaba polo Camiño Portugués cun xogo que lles permitía coñecer a nosa vila. (<https://aquisproxecta.wordpress.com/category/innovacion-e-dinamizacion-linguistica/>). Agora, somos o punto de partida. Dende Caldas guiamos o peregrinar até Santiago nunha viaxe paralela polo pasado e o presente de Galicia: a lingua, a historia, a gastronomía, as lendas, a arte, a música, a literatura, as fontes e as augas así como cuestións xerais que poden interesar aos peregrinos e ás peregrinas.

As palabras no Camiño II é o resultado dun traballo académico coordinado polo Equipo de Dinamización Lingüística no que participan materias tan dispares como: Educación Física, Matemáticas, Arte, Historia, Lingua galega, Lingua portuguesa, Lingua inglesa, Química, Tecnoloxía, Latín e o alumnado de todos os niveis educativos, dende primeiro da ESO a segundo de Bacharelato. Pero ademais este traballo transcende o centro educativo porque contamos coa colaboración das asociacións de hostalaría e comercio como axentes de dinamización lingüística xa que participan neste traballo a prol da normalización da lingua visibilizándoo e espallándoo en carteis, manteis e material informativo-publicitario cos códigos QR dos vídeos.

Nas entradas do blog [Proxecta Aquis](#) ofrecemos cumprida información sobre o proceso para crearmos cada un dos produtos que van configurar As palabras no camiño II. O camiño está feito, agora só é andalo...

ENTREVIST...ANDO

Entrevista a Cristian, o profe de Pedagogía Terapéutica.

Laura e Leandro (2º de ESO) e Roi (1º de ESO), do EDLG, entrevistan a Cristian, tamén membro do EDLG, mentres realiza unha das gardas de recreo no patio.

Roi- Ola, Cristian, cal foi a primeira impresión que levaches do instituto ao chegar novo este curso?



Cristian- Cando viñen visitar o instituto no verán pareceume horrible. Vino só desde fóra, non puiden entrar porque estaba pechado e non me gustou nada. Cando volvín outra vez en setembro e si que xa puiden entrar, a impresión foi moito mellor, porque por dentro a decoración deume a entender que se facían actividades moi chulas...entón a miña idea do instituto cambiou!

Leandro- Como viviches este ano de Covid?

Cristian- Pois para min foi horroroso porque penso que o meu traballo foi dos máis afectados por culpa da Covid. Ao principio foi duro, agora xa me estou acostumando e penso que vós tamén.

Laura- Cristian, por último...como ves a situación da lingua no instituto?

Cristian- Nótase moito a diferenza entre os centros de cidade e os centros de vilas medias ou pequenas, como este, polo que si que escoito moito máis galego que nun instituto de cidade, tanto por parte do alumnado como por parte dos meus compañeiros e compañeiras. Ademais, hai un grupo de profes e un grupo de alumnado que facemos moitas actividades para visibilizar a importancia da lingua, e a verdade que iso é unha cousa que me gusta moito, como galegofalante e como defensor do galego.

Laura, Roi e Leandro- Grazas Cristian!

Cristian- Grazas a vós!

O EDLG do Aquis deu boa conta do **equipo de radio** que estreamos este curso! Aínda que a COVID non permitiu que visitaran o noso centro máis persoeiros da cultura, das letras, das ciencias... a quen viñeron, Celso Sanmartín e Carlos Negro, o alumnado do EDLG entrevistounos. Se queredes escoitalos só tedes que escanear os codigos QR



Debuxo: Uxía Araújo, 1º ESO



REFLEXION...ANDO

Imos contar a nosa experiencia de chegar novas ao Aquis e darnos de conta da presenza da lingua galega entre os/as celenos/as ou como demos coa lingua no Aquis...

Roi e Carla estudaron previamente no CEIP San Clemente e Lucía, Uxía e Noa no colexio A Encarnación.

Roi- Ola imos dar a perspectiva dende os dous colexios dos que vimos cinco alumnos/as de 1º de ESO.

Uxía-Puedo empezar yo?

Carla- Non!! en galego!

Uxía- Vale, vale, Carla. Eu veño da Encarnación e sorprendeume moitísimo o emprego da lingua no Aquis, pois no meu colexio non se falaba case nada o galego e non se daba tanta importancia aos persoeiros galegos.

Roi- Porén eu estaba acostumado a falar galego, e o que me impresionou foi o número de profesores/as que o falaban e a velocidade de traballo que levabamos día a día.

Carla- A min tamén me sorprende a diferenza entre o alumnado e o profesorado no Aquis, xa que o profesorado fala case todo en galego e a maioría do alumnado en castelán.

Uxía- Lucía deberías intervir un pouco!

Lucía- É verdade, a min o que me sorprende tamén foi que a maioría do profesorado falase galego, xa que no meu colexio anterior era completamente distinto.

Noa- Concordo totalmente con Lucía pois vimos do mesmo colexio. Só recordo dous profes que falaran galego e só recordo escoitar galego coa celebración dunha data especial ou na clase de Lingua Galega...

Roi- E míranos agora, todos e todas con experiencias distintas no emprego do galego e traballando no Equipo de Dinamización a favor do galego!!

Como sobrevivir neste ano tan estraño.

(Conversa Ari-Gema ou viceversa)

- Mira que este ano está a facerse costa arriba!

- Mellor cala, non quero pensar en todo o que estamos a perder!

- Tampouco penses así, e se só é un ou dous anos...

- É verdade, imaxina que se prolonga moito máis...!

- Se iso pasa, o que seguiría a botar máis de menos é poder saír cada finde...

- Eu tampouco o levo nada ben, pero cando menos grazas ao móbil podemos manter contacto entre nós e coas persoas que queremos.

- Pero non podoo crer que isto estea a pasar...

-Xa, ían ser dúas semanas e alongouse de máis... era horrible ver pasar o tempo e non poder saír...

- Pois sendo sincera, na corentena non o pasei tan mal... tiven tempo para probar novas cousas e ter novas experiencias.

- Eu descubrín que se me daban ben cousas que nunca pensei, como a cociña...

- Dentro de todo o malo, e do sufrimento que supuxo para tantas familias... algo bo puidemos sacar...

- Algo que aprendemos foi que non podemos quedar co negativo... sempre hai que ver o vaso medio cheo... sabendo que todo pode ser aínda moito peor!

Debuxo: María Rodríguez, 1º Bach



Ari e Gema 1º Bach.

LEMBR...ANDO

LEMBRANZAS DE DÚAS HISTÓRICAS NO AQUIS



Hai un vello tango que di que vinte anos non son nada, pero todo o que pase deste número é media vida. Media vida que nós compartimos neste centro no que coincidimos e fraguamos unha fonda amizade que chegou a estenderse ás nosas familias.

Formamos un “binomio con moita química” ao longo dos vinteoito anos, compartindo coche, horas de traballo, proxectos, cursos de formación, cafés, xantares, ceas, conversas, paseos... Durante os sete anos que María estivo de directora no Aquis as conversas telefónicas chegaron a ser de máis de media hora, sempre falando do alumnado ou da mellor maneira de resolver algunha dificultade...

E que difícil expresar en palabras todo o que vivimos ó longo destes anos...

Moitas e moitos foron as compañeiras e os compañeiros con quen compartimos algún destes

cursos e de quen aprendimos tanto. Algunhas persoas xa non están, pero a súa pegada permanecerá sempre presente. Outras, moito nos axudaron coas novas tecnoloxías, sempre dispostas a botarnos unha man para que puidésemos estar ó día cos novos tempos para os que non fomos preparadas. Isto é un reflexo da

boa relación entre o profesorado que existiu sempre no Aquis, achegada e agradable, que fixo moi cómodo e pracenteiro o día a día.

Tampouco podemos esquecer a boa relación mantida co alumnado, baseada no respecto mutuo e ó que lle intentamos transmitir o valor do diálogo para resolver os conflitos. Que gratificante foi recibilos cando viñeron para saudarnos despois do seu paso polo instituto e contarnos como lles ía na súa nova etapa de formación...

E, como non, ese persoal non docente que sempre facilitou o noso traballo atendendo as nosas peticións.

Neste curso nós, xunto a Chus e Pilar, comezamos una nova etapa, fóra da actividade docente. Outras compañeiras como Ana, Libertad e Merce deixan o Aquis para continuar a súa vida profesional noutros centros, pero nunca poderemos esquecer o noso paso por estas augas quentes que nos uniron... SEMPRE SEREMOS AQUIS!!

Ángeles e María.



Debuxo: Ana Gómez, 4º ESO



Igrexa de Santo Estevo de Saur



Ponte de Segade

Trezenza de Segade e fábrica da luz



Torre de Dona Ubraca



Igrexa de Santo André de César





Igrexa de Santa María de Caldas



Igrexa de Santa Tomás e As Palmeiras



Igrexa de Santo Bruceiros e petos de ánimas



Pazos e Casas Grandes barrocas



A Rúa Real e o Camiño De Santiago




Carballera



Tesouro de Caldas



Parque Botánico



As Burgueas



Ponte Bermeiña e Via Romana, S.XX



Igrexa de Santa María de Bouad



Balneario Davila



Caldas de Reis:
mais dunha etapa no Camiño Descríbeo coas

Palabras no Camiño
Proxecto escolar elaborado polo alumnado do IES Aquil Celentis



IES Aquil Celentis

caldas de reis
aquí encontrádis todo lo que necesitamos en Caldas

